## Instalación e execución

Os ODEs preséntanse  en formato html nunha carpeta comprimida .zip.

A carpeta con tódolos arquivos do proxecto pode gardarse no disco duro e, despois de extraer os ficheiros, executarse dende o arquivo index.html, sendo posible a súa utilización sen conexión a internet. Tamén se pode aloxar nun servidor web.

A navegación é fácil e intuitiva a través das barras e iconas de navegación. Funciona cos principais navegadores web como Firefox r ou Opera e Safari, e cos sistemas operativos Android e iOS, polo que se pode empregar en tabletas e móbiles.

Recoméndase ter unha versión actualizada do navegador para que funcione cos estándares habituais de html5, css3, javascript e php.

Para a incorporación nunha aula virtual hai que ir a engadir ficheiro > descomprimir> establecer index.html como ficheiro principal

| | |
|---|---|
| Eliximos onde queremos subir o material e imos a engadir unha actividade ou recurso |   |

<table>
<tr><td>Damos a engadir ficheiro</td><td>
</td></tr>
<tr><td>Buscamos o recurso e subímolo a aula virtual.</td><td>
</td></tr>
<tr><td>Descomprimimos o arquivo</td><td>
</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| Establecemos o arquivo index.html como ficheiro principal e actualizamos. |  |
| Finalmente, gardamos os cambios. |  |